



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 27 DE XUÑO DE 2017.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día vintenoventa de xuño de dous mil dezasete, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinaria. Os membros asistentes son os seguintes:

D. ÁNGEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ.
D^a. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA.
D. CARLOS POUSA ESTÉVEZ.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 30 DE MAIO DE 2017.- No foron formuladas alegacións nin reclamacións o borrador, quedando aprobada a Acta da sesión celebrada con data 30 de maio de 2017.

2.- ACTUACIÓN PLAN MARCO 2017-2018.- O Concello de Beade ante a aprobación da Resolución do 18 de maio de 2017, pola que se aproba o Plan Marco do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ven de redactar o Proxecto “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE BEADE” e, por UNANIMIDADE, os membros da Xunta de Goberno Local, acordan:

- Aprobar o proxecto da actuación por un importe de execución por contrata de 30.100,00 € € (sen IVE).
- Aprobar a participación do concello no presente Plan Marco.
- Manifestar a disposición dos terreos necesarios para a execución das obras incluídas no proxecto, a súa posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, durante un prazo de 5 anos, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.
- Asumir, unha vez recepcionadas as obras provisionalmente, e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas durante un período de 5 anos.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72.1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:
 - a) que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución
 - b) que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestrutura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

- Concello aumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito Concello.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e dez minutos, de todo o que, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

Asdo. Senén Pousa Soto.

O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández. Loureiro.